

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas á realización de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301C).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 25 unha serie de materias sobre as cales os municipios exercerán competencias propias, entre as que se atopan o abastecemento de auga potable e a evacuación e o tratamento de augas residuais, e no artigo 26 os servizos que, como mínimo, deben prestar os concellos. A obrigatoriedade de tales servizos establécese en función da poboación do municipio, aínda que o precepto sinalado establece un conxunto de servizos (entre os cales se inclúen o abastecemento e a rede de sumidoiros) que deben ser prestados por todos os municipios.

O artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, configura a colaboración entre administracións como un principio para conseguir os obxectivos comúns nas políticas de abastecemento, saneamento e depuración de Galicia. Grazas a este marco de cooperación, nos últimos anos a Comunidade Autónoma de Galicia experimentou un salto cualitativo na extensión territorial dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, ao cal contribuíu, en gran medida, a mobilización de investimentos públicos para a execución de obras e infraestruturas hidráulicas en apoio ás entidades locais no exercicio das súas competencias. Estas intervencións e investimentos incidiron, sen dúbida, na mellora dos indicadores da calidade das augas e no nivel de cumprimento das normativas comunitarias na materia.

Non obstante, constatouse e comprobouse durante todo este tempo que as singularidades e peculiaridades demográficas e xeográficas de Galicia dificultan non soamente a execución das infraestruturas hidráulicas senón tamén a súa xestión para a prestación destes servizos de forma axeitada. Para acadar a máxima calidade das nosas augas e que estes servizos básicos de auga se presten con eficiencia e eficacia, as instalacións executadas deben ir acompañadas dunha adecuada xestión, explotación e mantemento.

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



No caso concreto dos servizos de abastecemento, o 11 de xaneiro de 2020 entrou en vigor a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Esta lei ten entre os seus obxectivos garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

A Lei 9/2019, do 11 de decembro, establece na disposición adicional segunda que, no prazo máximo de dous anos, contado desde a súa entrada vigor, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa. Igualmente, deberán publicar a porcentaxe de perda de auga na sede electrónica da Administración correspondente. Así mesmo, para minimizar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento, as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán, igualmente, aprobar un plan de actuacións para minimizar as perdas.

As auditorías de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga son un instrumento indispensable para diagnosticar e atallar as perdas do recurso hídrico nas redes e axudar a que os responsables dos sistemas de abastecemento estean mellor preparados ante eventos climáticos extremos como os provocados por unha ausencia prolongada de precipitacións.

Por estes motivos, considerouse necesario cooperar coas entidades locais a través de dúas convocatorias de subvencións destinadas á realización de auditorías de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga.

O elevado número de solicitudes presentadas nas convocatorias anteriores constata o interese das entidades locais por dotarse de instrumentos que lles permitan cuantificar e minimizar as perdas de auga nos seus sistemas de abastecemento.

Esta resolución que agora se aproba ten a vontade de continuar na liña de colaboración iniciada coas entidades responsables de sistemas de abastecemento en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, para que estas poidan xestionar coa maior dilixencia, eficacia

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



e eficiencia posibles as súas competencias nunha materia tan importante como é a prestación dos servizos de abastecemento á poboación.

En consecuencia, e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. O obxecto desta resolución é establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos e ás entidades locais menores, en réxime de concorrência non competitiva, para a realización de auditorías de abastecemento para minimizar as perdas de auga, e convocar estas subvencións para o ano 2025 (código de procedemento AU301C).

2. A finalidade das subvencións é que os concellos e as entidades locais menores responsables do abastecemento á poboación leven a cabo unha auditoría dos seus sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa, cuantifiquen as perdas de auga e deseñen un plan de actuacións detallado para minimizar estas perdas.

Artigo 2. *Réxime de concesión*

A concesión destas subvencións realizarase en réxime de concorrência non competitiva, segundo a excepción recollida no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes de subvención presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nas bases reguladoras recollidas nesta resolución de convocatoria resolveranse por orde de entrada no Rexistro da solicitude correcta e completamente presentada e ata o esgotamento do crédito.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos e as entidades locais menores responsables de sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes.

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



Non poderán ser beneficiarios os concellos e as entidades locais menores que xa o fosen ao abeiro das convocatorias dos anos anteriores, salvo que, unha vez notificada a resolución de concesión, renuncien á subvención no prazo establecido nas bases da convocatoria para a aceptación ou renuncia á subvención.

2. Para poder obter a condición de entidades beneficiarias, todos os concellos e entidades locais menores solicitantes deberán:

a) Cumprir os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

3. Ningún concello ou entidade local menor poderá presentar máis dunha solicitude. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo ou sucesivo lugar.

4. As solicitudes e os trámites posteriores deberán estar asinados pola persoa titular da Alcaldía Presidencia ou pola persoa en que estea delegada a competencia no momento da dita sinatura, acreditándose esta circunstancia.

Artigo 4. *Gastos subvencionables*

1. Serán subvencionables os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2025 destinados á elaboración de auditorías dos sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa para minimizar as perdas de auga, sempre que se refiran a traballos que non estean completamente executados no momento da presentación da solicitude de subvención.

As auditorías dos sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa para minimizar as perdas de augas deberán ter o seguinte contido mínimo:

a) Unha descrición detallada do sistema de abastecemento do concello ou da entidade local menor, que conteña, como mínimo:

Unha explicación do funcionamento do sistema de abastecemento.

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



Un inventario dos elementos singulares (puntos de captación de auga e a súa tipoloxía, equipos de medición existentes en captación, transporte, distribución e usuario final, estacións de bombeo de auga, depósitos de almacenamento, estacións de tratamento de auga potable), coas súas principais características, localización e fotografías.

Información sobre as redes de abastecemento (condución e distribución), a lonxitude da rede de distribución, o estado de conservación e a antigüidade das instalacións de abastecemento existentes.

Inventario estimado do parque de contadores, características e antigüidade.

Os núcleos de poboación e zonas aos cales se subministra auga.

b) Documentación gráfica, planos en formato dixital (CAD ou SIX) do sistema de abastecemento do concello ou da entidade local menor, que conteñan, como mínimo, puntos de captación de auga, equipos de medición existentes desde a captación aos puntos de consumo, estacións de bombeo de auga, depósitos de almacenamento, estacións de tratamento de auga potable e as zonas e núcleos a que se subministra auga.

c) Datos sobre o volume medio de auga captada e subministrada á rede de abastecemento; o número de usuarios conectados diferenciados por tipoloxía (domiciliarios, grandes consumidores, etc.), e a tipoloxía de consumos de auga: rexistrados e non rexistrados e facturados e non facturados.

d) Un balance hídrico de todo o sistema de abastecemento, tendo en conta a auga captada, a auga rexistrada e a auga non rexistrada.

e) Un plan de actuacións aprobado polo concello ou pola entidade local menor para minimizar as perdas de auga dos sistemas de abastecemento á poboación nos seguintes catro anos, dando cumprimento á disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, que conteña, como mínimo:

Medidas e actuacións para a redución dos consumos autorizados non rexistrados.

Medidas e actuacións para a redución das perdas aparentes (erros de medición, erros de lectura, consumos non autorizados).

Medidas e actuacións para a redución das perdas reais.



Todas as medidas propostas deberán estar totalmente definidas e detalladas coa súa localización concreta, valoradas economicamente e programadas temporalmente no prazo de catro (4) anos desde a aprobación do plan de actuacións. O plan de actuacións conterá un estudo económico que valore os investimentos que se van realizar e a recuperación económica esperada en termos de redución das perdas de auga.

Para estes efectos, na seguinte ligazón da páxina web de Augas de Galicia póñense á disposición unhas recomendacións para a elaboración de auditorías de abastecemento e plans de actuacións para minimizar as perdas de auga:

https://augasdegalicia.xunta.gal/seccion-tema/c/Planificacion_do_abastecemento?content=/Portal-Web/Contidos_Augas_Galicia/Seccions/reduccion-perdas-abastecemento/seccion.html

2. Será subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) só no caso de que non sexa repercutible de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Para tal efecto, o concello ou a entidade local menor deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible polo concello ou a entidade local menor.

Artigo 5. *Crédito*

1. As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).

2. Se, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, se esgota o crédito dispoñible, anunciarase esta circunstancia a través da páxina web de Augas de Galicia.

Artigo 6. *Ampliación de crédito*

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A ampliación de crédito queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.



Augas de Galicia publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 7. *Importe máximo das subvencións*

O importe das subvencións será do 80 % do gasto subvencionable, co límite máximo de quince mil euros (15.000,00 €) por solicitude, ata esgotar o crédito referido nesta resolución.

Artigo 8. *Compatibilidade das subvencións*

1. Estas subvencións serán compatibles con outras que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas.

2. O concello ou a entidade local menor beneficiarios están obrigados a comunicarlles ás entidades concedentes a obtención de subvencións ou axudas que financien as actividades obxecto desta resolución.

3. A obtención de subvencións ou axudas concorrentes non poderá superar o custo total da actividade subvencionada. Cando se produza exceso das subvencións ou axudas percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo da actividade e estas sexan compatibles entre si, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora e unir as cartas de pagamento á correspondente xustificación.

O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que advirta o exceso de financiamento, exixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Artigo 9. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas do día 28 de febreiro de 2025 e rematará ás 14.00 horas do día 28 de marzo de 2025.

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



Artigo 10. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. No formulario, que figura como anexo I desta resolución, declárase o seguinte:

a) Que o concello ou a entidade local menor que solicita a subvención acepta as condicións e os demais requisitos exixidos na resolución de convocatoria.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

c) O conxunto de todas as subvencións ou axudas das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou conceptos financiados ao abeiro da resolución de convocatoria, e o compromiso de comunicar decontado cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

d) Que a conta xeral do concello ou da entidade local menor, correspondente ao exercicio orzamentario de 2023, foi remitida ao Consello de Contas de Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes que regula esta resolución.

e) Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



f) Que cumpre os requisitos que, para poder obter a condición de entidade beneficiaria, se recollen no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) O carácter repercutible ou non do IVE por parte do concello ou da entidade local menor beneficiarios, de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. Os concellos e as entidades locais interesados deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos, cantidades e o seu prezo unitario para a realización da auditoría de abastecemento para minimizar as perdas de auga.

b) Unha declaración asinada pola persoa titular da Alcaldía Presidencia na cal se indique que realizaron as tarefas de revisión, actualización e confirmación da información do abastecemento do concello ou da entidade local menor solicitante na ferramenta Sisbagal (Sistema de información de servizos básicos de augas en Galicia) <https://sisbagal.xunta.gal> nos seis (6) meses anteriores á data de remate do prazo de presentación de solicitudes prevista na resolución de convocatoria.

Para o suposto de non se presentar esta declaración, deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación:

Unha memoria xustificativa do obxecto da auditoría de abastecemento para minimizar as perdas de auga, na cal se indique expresamente, polo menos, o seguinte: unha listaxe dos puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outras entidades locais ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello ou da entidade local menor, incluíndo a súa localización en coordenadas UTM fuso 29 ETRS89, a listaxe dos núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración e a poboación aproximada dos núcleos conectados.

Planos a escala de suficiente detalle (1:10.000 ou menor) onde se representen, como mínimo, os puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outras entidades

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



locais ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello ou da entidade local menor e os núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración.

Os planos deberán conter unha lenda suficiente que permita a súa interpretación e estar o máis actualizados posible; non serán admisibles aqueles nos cales non conste a data da súa realización nin os realizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2023.

A falta de presentación, ou a presentación incorrecta, da documentación indicada nas letras a) e b) poderá ser obxecto de requirimento de emenda; aplicarase o previsto no artigo 16.2 desta resolución para o suposto de non atenderse ao requirimento, sen prexuízo do disposto no artigo 12 desta resolución sobre comprobación de datos.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. O tamaño máximo previsto para a presentación electrónica de documentos é de 2GB por presentación.

5. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento, unha vez presentada a solicitude de subvención, poderán consultarse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- d) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas fronte á Seguridade Social que deba emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- e) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- g) Concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



4. Para a comprobación do cumprimento da obriga de remisión ao Consello de Contas de Galicia da conta xeral da entidade local correspondente ao exercicio orzamentario de 2023, Augas de Galicia terá en conta os datos públicos que consten na páxina web oficial do Consello de Contas de Galicia, salvo que o solicitante achegue xunto coa súa solicitude outra documentación distinta que acredite o cumprimento da dita obriga.

Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



Artigo 14. *Publicación dos actos*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a ampliación do crédito da convocatoria e a relación de subvencións que se concedan.

2. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web de Augas de Galicia (<https://augasdegalicia.xunta.gal>) a ampliación do crédito da convocatoria, o esgotamento do crédito da convocatoria e a relación de subvencións que se concedan.

Artigo 15. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 16. *Órganos competentes e instrución*

1. A unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento será a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de Augas de Galicia, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Revisadas as solicitudes e a documentación que se presente con elas, se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento requirirá o solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desiste da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, despois de que se dite resolución ao abeiro do artigo 21 desta lei.

Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou consellería competente en materia de facenda, e da verificación do DNI/NIE.

Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose correcta e completamente presentada.

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, a unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento poderá requirirllles aos solicitantes que presenten a información e/ou a documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación das solicitudes presentadas.

4. Os requirimentos realizaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. O órgano instructor será o encargado de verificar o cumprimento das condicións exixidas nesta resolución e no resto de normativa aplicable para poder ser entidade beneficiaria das subvencións.

Para tal fin, analizará as solicitudes presentadas e a documentación que se achegue.

6. En relación con aquelas solicitudes que estean completas e cumpran coas condicións exixidas, o órgano instructor elaborará unha proposta de resolución en que consten esas circunstancias e que da información que ten no seu poder se desprende que os concellos e as entidades locais menores propostos como beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para accederen ás subvencións.

Artigo 17. *Resolución, prazos e recursos*

1. Unha vez realizada a proposta de resolución, a persoa titular da Presidencia de Augas de Galicia ou a persoa en quen delegue ditará a resolución do procedemento.

A resolución acordará tanto o outorgamento das subvencións como a desestimación e a non concesión por desistencia, renuncia ao dereito, esgotamento do crédito ou imposibilidade material sobrevida.

2. O prazo para ditar a resolución do procedemento iniciado en virtude desta convocatoria será de tres (3) meses, contados a partir da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5p0



4. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, ante o mesmo órgano, recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou desde o día en que se produza o acto presunto. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou desde o día en que se produza o acto presunto.

Artigo 18. *Modificación da resolución*

O órgano competente para a concesión destas subvencións poderá acordar a modificación da resolución por instancia do concello ou da entidade local menor beneficiarios, sempre que se cumpran os límites e os requisitos recollidos no artigo 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A modificación da resolución nestes supostos non implicará o incremento do importe da subvención inicialmente concedida.

Artigo 19. *Aceptación*

1. Os concellos e as entidades locais menores beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez (10) días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión, para comunicaren a aceptación da subvención e das condicións contidas nela ou ben comunicaren a renuncia á subvención concedida.

2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención, de conformidade co artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os concellos e as entidades locais menores beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5p0



Artigo 20. Obrigas das entidades beneficiarias

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os concellos e as entidades locais menores beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

1. Cumprir o obxectivo da subvención e redactar a auditoría de abastecemento para minimizar as perdas de auga, nos prazos establecidos e co contido indicado nesta resolución.
2. Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.
3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
4. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto da subvención, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Proceder ao reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
 - b) Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos nesta resolución.
 - c) Incumprimento da obriga, de ser o caso, de achegar os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria e/ou falta ou insuficiente acreditación de que a elección recaeu na oferta economicamente máis vantaxosa.
 - d) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



e) Nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou en calquera outro que resulte da normativa aplicable.

6. No suposto de concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións obxecto da subvención, tramitar e adxudicar os contratos necesarios conforme as prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa do sector público e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme o previsto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

9. En relación coa subvención concedida, someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 21. *Contratación*

1. Os concellos e as entidades locais menores beneficiarios poderán concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións obxecto da subvención, salvo que o impida a súa natureza. Non se poderán subcontratar en ningún caso actuacións que, aumentando o custo da actuación subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración concedente.

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



2. A tramitación dos expedientes de contratación que procedan será realizada polos concellos e as entidades locais menores beneficiarios conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, e serán as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.

3. En todo caso, deberá observarse o establecido nos artigos 27 e 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A entidade beneficiaria deberá acreditar, de ser o caso, as ofertas recibidas, coa documentación xustificativa da subvención, e xustificar a elección entre as ofertas presentadas.

Artigo 22. Xustificación e pagamento

1. O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención rematará o 15 de setembro de 2025, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación.

2. Os concellos e as entidades locais menores beneficiarios deberán achegar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15, o anexo II desta resolución, no cal expresamente se declara:

a) Se solicitou ou lle foron concedidas outras subvencións ou axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales lle foi concedida esta subvención, con indicación do importe e a súa procedencia, se é o caso.

b) Que o concello ou a entidade local menor solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de entidade beneficiaria da subvención.

3. Xunto co anexo II deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa:

a) Copia da auditoría de abastecemento en alta e de subministración en baixa, redactada co contido mínimo establecido na resolución de convocatoria de subvencións.

b) A ligazón da publicación na sede electrónica da Administración correspondente, onde se indique a porcentaxe de perda de auga no seu ámbito territorial resultado da auditoría realizada.



c) O plan de actuacións para minimizar as perdas de auga, segundo o contido mínimo establecido na resolución de convocatoria de subvencións, aprobado polo concello ou a entidade local menor, segundo o indicado no punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

d) Resolución do órgano competente do concello ou da entidade local menor pola que se aprobe o plan de actuacións para minimizar as perdas de auga. No caso de que a aprobación a realice a persoa titular da Alcaldía, deberá recollerse na resolución que se dará conta ao Pleno ou á Xunta veciñal da aprobación do dito plan.

e) Documentación gráfica xerada na realización das auditorías, planos en formato dixital (CAD ou SIX), co contido mínimo establecido na resolución de convocatoria de subvencións.

f) Conta xustificativa que recolla o previsto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

g) Certificado de que o IVE non é repercutible por parte do concello ou da entidade local menor, de ser o caso.

h) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria, de ser o caso.

4. Augas de Galicia poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto no artigo 45.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Augas de Galicia, de encontrar conforme a documentación xustificativa, propoñerá o libramento dos fondos, segundo o estipulado no artigo 41 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Artigo 23. Incumprimento de obrigas

1. O órgano concedente poderá revogar a concesión da subvención se a entidade beneficiaria incumpre as condicións impostas con motivo da súa concesión.

2. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou na restante normativa que sexa de aplicación dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase o procedemento de reintegro oportuno, que se axustará ao previsto no artigo 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Aos concellos e ás entidades locais menores beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 24. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 25. Medidas antifraude

1. É de aplicación ao procedemento recollido nesta resolución o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que se pode consultar na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, á disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema integrado de atención á cidadanía (Siaci) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidade ou conduta de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola Administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais de pola cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentaren medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle se poderán denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado no Siaci, figurará unha declaración da Xunta en que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderalle á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

3. A investigación e o tratamento das denuncias presentadas axustaranse ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

Disposición adicional primeira. *Número de habitantes*

Para o cómputo do número de habitantes dos concellos e das entidades locais menores solicitantes terase en conta o disposto no Real decreto 1085/2023, do 5 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2023.

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0



Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Delégase na persoa titular da Dirección de Augas de Galicia a competencia para resolver o procedemento de concesión de subvencións, para ampliar o crédito da convocatoria, para ampliar o prazo de xustificación ou para calquera outra modificación da resolución e para outras incidencias que poidan xurdir na súa tramitación, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición adicional terceira. *Impugnación da convocatoria*

Contra esta resolución poderá interpoñerse, ante a Presidencia de Augas de Galicia, recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da resolución*

Facúltase a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento da convocatoria de subvencións.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: j2c0lq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0





ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS DE ABASTECIMENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO AU301C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
IDENTIFICACIÓN			
ENTIDADE LOCAL		NIF	
ENDEREZO			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN	
ACTUACIÓN PARA A CAL SOLICITA A SUBVENCIÓN:	
ORZAMENTO TOTAL (IVE INCLUÍDO)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (80 % do orzamento total, IVE incluído, se o IVE non é repercutible polo concello ou pola entidade local menor; 80 % do orzamento total, IVE excluído, se o IVE é repercutible polo concello ou pola entidade local menor)



ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que o concello ou a entidade local menor que solicita a subvención acepta as condicións e os demais requisitos exixidos na resolución de convocatoria.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que, en relación con outras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas, o concello ou a entidade local solicitante:
 - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra subvención ou axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras subvencións ou axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña a entidade solicitante doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. Que a conta xeral do concello ou da entidade local menor, correspondente ao exercicio orzamentario de 2023, foi remitida ao Consello de Contas de Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes previsto na resolución de convocatoria.
5. Que o concello ou a entidade local menor solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Que o concello ou a entidade local menor solicitante cumpre os requisitos que, para poder obter a condición de entidade beneficiaria, se recollen no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que, en relación co IVE, o concello ou a entidade local menor solicitante:
 - ☐ Non repercute o IVE de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.
 - ☐ Si repercute o IVE de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos, cantidades e o seu prezo unitario para a realización da auditoría de abastecemento para minimizar as perdas de auga.
- ☐ Declaración asinada pola persoa titular da Alcaldía Presidencia na cal se indique que se realizaron as tarefas de revisión, actualización e confirmación da información do abastecemento do concello ou da entidade local menor solicitante na ferramenta Sisbagal (Sistema de información de servizos básicos de augas en Galicia) (<https://sisbagal.xunta.gal>) nos seis (6) meses anteriores á data de remate do prazo de presentación de solicitudes prevista na resolución de convocatoria.

Para o suposto de non se presentar a declaración, deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- ☐ Unha memoria xustificativa do obxecto da auditoría de abastecemento para minimizar as perdas de auga, na cal se indique expresamente, polo menos, o seguinte: unha listaxe dos puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outras entidades locais ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello ou da entidade local menor, incluíndo a súa localización en coordenadas UTM fuso 29 ETRS89, a listaxe dos núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración e a poboación aproximada dos núcleos conectados.
- ☐ Planos a escala de suficiente detalle (1:10.000 ou menor) onde se representen, como mínimo, os puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outras entidades locais ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello ou da entidade local menor e os núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración. Os planos deberán conter unha lenda suficiente que permita a súa interpretación e estar o máis actualizados posible; non serán admisibles aqueles nos cales non conste a data da súa realización nin os realizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2023.



ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas fronte á Seguridade Social que deba emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social	☐
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Augas de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301C).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Entidade pública empresarial Augas de Galicia

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0





ANEXO II

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN
AU301C - SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS DE ABASTECIMENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA.

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

ENTIDADE LOCAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra subvención ou axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras subvencións ou axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que o concello ou a entidade local menor solicitante non está incurso a en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de entidade beneficiaria da subvención.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Copia da auditoría de abastecemento en alta e de subministración en baixa, redactada co contido mínimo establecido na resolución de convocatoria de subvencións.
- ☐ Aligazón da publicación na sede electrónica da Administración correspondente, onde se indique a porcentaxe de perda de auga no seu ámbito territorial resultado da auditoría realizada.
- ☐ O plan de actuacións para minimizar as perdas de auga, segundo o contido mínimo establecido na resolución de convocatoria de subvencións, aprobado polo concello ou a entidade local menor, segundo o indicado no punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.
- ☐ Resolución do órgano competente do concello ou da entidade local menor pola que se aprobe o plan de actuacións para minimizar as perdas de auga. No caso de que a aprobación a realice a persoa titular da Alcaldía, deberá recollerse na resolución que se dará conta ao Pleno ou á Xunta veciñal da aprobación do dito plan.
- ☐ Documentación gráfica xerada na realización das auditorías, planos en formato dixital (CAD ou SIX), co contido mínimo establecido na resolución de convocatoria de subvencións.
- ☐ Conta xustificativa que recolla o previsto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- ☐ Certificado de que o IVE non é repercutible por parte do concello ou da entidade local menor, de ser o caso.
- ☐ Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria, de ser o caso.



**ANEXO II**
(continuación)**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 , de de

Entidade pública empresarial Augas de Galicia

CVE-DOG: j2c0iq4-xdn1-bkt8-edq1-pq1xlepa5pt0

